

SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 29/07/2019

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIO/A ACCIDENTAL

MARIA DEL ROSARIO GONZÁLEZ PACIOS

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 11:00 horas do día 29/07/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 22-jul-2019, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2019/3486

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

- 1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 29 de xullo de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.
- 2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 29 de xullo de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	XGL	CUMPRE LIMITES
AGRUP. INIC. TURISTICAS VILAG. AHITUVI	G36418705	4.000,00 €	29/07/2019	SÍ
CASTROMAN II, S.L.	B36465938	322,30 €	29/07/2019	SÍ
CRESPO GOMEZ CARLOS	15373039T	605,00 €	29/07/2019	SÍ
DIAZ CASAL, ANA BELEN	35461962X	696,96 €	29/07/2019	SÍ
INVERSIONES LEREZ, S.L.	B36471662	3.375,90 €	29/07/2019	SÍ
LUSTRES CARREGAL, JOAQUIN	35427647B	1.996,50 €	29/07/2019	SÍ
MADERAS J. REDONDO, S.L.	B36158897	1.161,60 €	29/07/2019	SÍ
MONTAJES MIRAMAR, S.L.	B36416626	10.285,00 €	29/07/2019	SÍ
OPCON INFORMATICA, S.L.	B36858512	1.464,10 €	29/07/2019	SÍ
OURI ENTRETENIMIENTOS, S.L.	B32425654	14.520,00 €	29/07/2019	SÍ
PADIN SILVA, FRANCISCO	35462419F	630,00 €	29/07/2019	SÍ
PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	B36112043	1.076,90 €	29/07/2019	SÍ
REPRESENTACIONES CHAPIN PRODUCCIONES, S.L.U.	B94066602	11.495,00 €	29/07/2019	SÍ
SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L.	B36296440	1.417,01 €	29/07/2019	SÍ
SKETCH SYSTEM, S.L.	B15535271	1.285,02 €	29/07/2019	SÍ

SOBRINO G., S.A.	A36030138	9.241,57 €	29/07/2019	SÍ
TAMBO MOTOR, S.L.U.	B36176808	406,86 €	29/07/2019	SÍ
TELESERV. INSTAL. OFIC.,SL	B36365369	889,35 €	29/07/2019	SÍ

b) PROVEDORES QUE INCUMPREN O LÍMITE CUANTITATIVO DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	XGL	CUMPRE LIMITES
MUTUA GENERAL DE SEGUROS SA	A08171373	1.279,91 €	29/07/2019	NON

c) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/3466

Dáse conta de escrito remitido por Augas de Galicia remitindo información en relación coa necesidade de que as administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento urbano, que atendan, singular ou mancomunadamente, unha poboación igual ou superior a 20.000 habitantes, deberán de dispoñer dun plan de emerxencia ante situacións de seca e indicando que no DOG do 24 de xuño se publicou a convocatoria de axudas para que os municipios galegos poidan dotarse dos citados plans de emerxencia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/3467

Dáse conta de escrito presentado por D. Xesús María Rodríguez Castro, en representación de Asociación Umia Vivo en relación coa situación na que se encontran diversos petroglifos situados no termo municipal e solicitando se concrete unha consignación de dotación económica nos orzamentos municipais para o cumprimento da lexislación vixente en materia de patrimonio cultural e preservar o patrimonio máis ameazado.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/3468

Dáse conta do informe da Policía Local en relación coa campaña da Consellería do Mar denominada ¡Non sexas Pirata! que ten previsto desenvolverse na Praia Compostela e Praia da Concha no día 29 de xullo de 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/3469

Dáse conta do escrito de D. José Dieste Navazas, responsable do establecemento Alte Frankfurt, solicitando autorización para celebración dun concerto acústico o día 19 de xullo de 2019, en horario de 20:00 a 23:00 horas na Rúa romero Ortiz, na parte traseira do Bar Derby.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/3470

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación española Contra el Cancer solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 23 de xullo para a realización da campaña de cuestación para a citada asociación.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/3471

Dáse conta do escrito presentado por D. José Antonio Rodríguez Estepa, solicitando autorización para exposición e venda de fotografías con motivo da Festa da Auga, na Rúa Juan García.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/3472

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Javier Marques Solla, en representación de Cine Club Ádega, solicitando autorización para realizar a actividade denominada "Praia de Cine" na Praia de Compostela o día 28 de xullo, dentro dos actos da Semana do Cine, que terá lugar do 27 de xullo ao 2 de agosto de 2019.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/3473

Dáse conta do escrito presentado por Dona Vanessa Lucia Vazquez Rey, responsable do Chiringuito Parque Compostela - Café Bar, solicitando autorización para celebración de concertos os días 27 e 28 de xullo, e o 3, 4, 10, 11 e 16 de agosto.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá respectar os horarios de peche da actividade, tal como veñen recollidos na concesión da adxudicación da explotación.

PRP2019/3474

Dáse conta do escrito do Concello de Lalín solicitando autorización para colocación dun posto de información turística durante unha xornada a determinar.

A Xunta de Goberno Local acorda autrizar a instalación e comunicarlle que o Concello de Vilagarcía se poñerá en contacto co Concello de Lalín para determinar a situación en función do día que se vaia a instalar.

PRP2019/3475

Dáse conta do escrito presentado por D. Vicente Vidal Mendoza no que solicita a sinalización, nas inmediacións de Rúa Os Durans nº 5, de algunha praza reservada para persoas con discapacidade.

De conformidade co indicado no informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar ó solicitante que a Rúa Os Duráns ten unha calzada con 3,50 m. de ancho, con estacionamentos en liña á marxe esquerda segundo sentido da marcha, as beirarrúas teñen un ancho en torno a 1,20 m. na única marxe para estacionar. Con estas dimensións non é posible sinalizar prazas de estacionamento adaptadas e que cumpran coa normativa en relación ás dimensións e porcentaxe de pendente a salvar ate a rasante da beirarrúa.

As prazas reservadas para persoas con discapacidade máis próximas á Rúa Os Duráns nº 5 son nas Rúas Eduardo Pondal, Praza Ravella e Av. López Ballesteros.

PRP2019/3476

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Jesús López Cortes denunciando o estado de abandono na zona de Rúa Xiabre - Trabanca Sardiñeira, en temas de seguridade do tráfico, estado dos colectores de lixo e distancia de plantacións forestais (eucalipto) e maleza, a unha distancia inferior á establecida na Lei por seguridade en caso de incendios forestais.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se di que a Rúa Xiabre ten sinalización vertical de 30, polo que se valora a opción de colocación radar de velocidade.

No que se refire ao colector de lixo, comprobase que hai lixo de todo tipo ao seu carón, circunstancia que se ven producindo dende fai anos.

En relación coa distancia dos arbores, efectivamente se atopan a menos dos 50 metros recollidos na lexislación.

A Xunta de Goberno Local acorda dar conta á Xerencia de Urbanismo aos efectos a apertura dos correspondentes expedientes.

Así mesmo acorda que pola Policía Local que se realicen controis de velocidade co radar.

PRP2019/3477

Dáse conta do escrito presentado por D. J.Gonzalo Gil soto en relación coa perigosidade do paso de vehículos pola Praza Ravella, no tramo comprendido entre os números 24 e a confluencia coa Rúa Ramón y Cajal.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que fai uns meses se reubicou o mobiliario urbano co fin de impedir o paso de vehículos na zona, se ben aínda hai alguns condutores que persisten en pasar, polo que se pode estreitar algo mais mediante a colocación de mobiliario urbano ou ben sinalizar verticalmente.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á colocación da sinalización vertical oportuna.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/3478

Dáse conta de escrito de D. Luis Ramos Gomez para que se proceda á sinalización dunha praza reservada para o estacionamento de vehículos para persoas con discapacidade nas proximidades do seu domicilio, na Rúa Doutor Tourón nº 44.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización de dúas prazas (unha fronte ao nº 44 e outra fronte ao nº 46) aproveitando a proximidade dos rebaixes dos garaxes, para mellor acceso á beirarrúa.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/3479

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Tambo Motor SLU para a reparación do vehículo matrícula 0680GSX, adscrito ao Servizo da Policía Local, por un importe total de 406,86 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.214.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/3481

Dáse conta do escrito presentado por Dona Cruz Miguez Fandiño solicitando a sinalización dun novo paso de peóns na Avda. Rosalía de Castro, na confluencia coa Rúa A Concha.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que nas proximidades hai dous pasos de peóns regulados con sinalizacións semafórica, á altura dos nº 24 e 33 da Avda. Rosalía de Castro, concretamente no Ramal e na confluencia coa Rúa San José.

A Avda. Rosalía de Castro encontrase no trazado da PO-548, e por tanto a sinalización da vía e competencia da Xunta de Galicia, e serán os técnicos da Administración autonómica quen terán que informar os cambios na sinalización existente.

De tódolos xeitos no caso de que se plantexe a sinalización do mesmo, e debido ás circunstancias de tráfico e trazado da vía, deberá estar igualmente regulado por sinalización semafórica coordinada coa actual.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta á Sra. Miguez Fandiño do indicado no informe da Policía Local.

PRP2019/3482

Dáse conta de escritos presentados por D. Jorge Mondelo Vidal denunciando a ocupación ilegal de inmovible situado na subida ás Bocas, nas inmediacións do seu domicilio, o que causa molestias así como unha situación de perigo para os veciños da zona.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que logo da comprobación in situ da vivenda, observase que efectivamente se atoa tapiada na súa parte baixa, e no seu interior segue habendo xente pernoctando, que accede polo muro situado na parte traseira.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta ao Servizo Municipal de Obras para que procedan ao tapiado da parte superior do edificio de xeito que se impida o acceso ao mesmo.

En relación aos supostos insultos, ameazas, etc., deberán solicitar a colaboración policial cando o precisen.

PRP2019/3483

Dáse conta de escritos presentados por D. José Ignacio Castro Lozano, en representación do IES Armando Cotarelo Valledor e de Dona Maria Victoria Lis Viñas, sobre a ausencia de paso de peóns e beirarrúas na Rúa Ameixeiras

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a citada Rúa e moi transitada por peóns e escolares especialmente ás horas de entrada e saída do IES, no tramo máis próximo á Avda. de Cambados carece de beirarrúas nas dúas marxes. Neste tramo o ancho da calzada oscila entreos 8,10 m. á altura da intersección coa Avda. de Cambados e os 7 m. á altura do tramo curvo, a uns 30 metros da intersección coa Rúa 1 da rosaeda, que é o punto no que si hai unha pequena beirarrúa na marxe dereita segundo o sentido da marcha, e que conduce ás Rúas Benitiño e Cotarelo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda contactar cos propietarios dos terreos lindeiros coa rúa para tratar de conseguir ditos terreos co fin de poder construír as beirarrúas.

PRP2019/3484

Dáse conta de escrito presentado por Dona M^a Carmen Velázquez Nogueira solicitando a instalación dun espello que mellore a seguridade para a incorporación á circulación dende o garaxe do seu domicilio, na Rúa do Carrizo nº 32.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación de espellos efectivamente melloraría as condicións de visibilidade, se ben sería de uso exclusivo para os usuarios do citado garaxe.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

PRP2019/3485

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que logo das recentes obras de ampliación e mellora de beirarrúas na Rúa Os Duráns, quedou sen delimitar/sinalizar o paso de peóns á altura da confluencia coa Rúa Aquilino Iglesias, producíndose estacionamentos que dificultan o cruce dos peóns, provocando as queixas veciñais.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á sinalización de rúa peonil e acceso a garaxes de edificacións e Supermercado Eroski.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/3495

Dáse conta de escrito de Dona Rocio Louzán blanco, Presidenta do Centro Comercial Aberto, no que indica que con motivo da celebración da 14^a Feira de Oportunidades Expoferta Zona Aberta 2019, que se vai a lebar a cabo os días 9, 10 e 11 de agosto na Praza da II República, solicitan a colaboración municipal para a celebración de dito evento, en concreto tarxetas para os coches que participan na feira, para que poidan aparcar na Praza da II República.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que deberán indicar a relación de matrículas dos vehículos que queren aparcar para que a Policía Local poida emitir o correspondente informe.

PRP2019/3497

Dáse conta do escrito presentado por D. José Francisco Reigosa Ventoso, como titular da licenza

de taxi nº 1 do Concello de Illa de Arousa (sen taxímetro), solicitando autorización para realizar servizo de taxi con orixe no Concello de Vilagarcía de Arousa dende o día 15 de agosto de 2019, ás 22:00 horas ata o día 16 de agosto, ás 17:00 horas con motivo da Festa da Auga.

A Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada dado que como indica o propio solicitante o vehículo non dispón do taxímetro obrigatorio para prestar o servizo neste Concello.

PRP2019/3501

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por OPCON INFORMATICA SL para o mantemento dunha licenza de Veeam Backup Essentials Enterprise para seis procesadores, polo período de agosto 2019 a agosto 2020, por un importe total de 1.464,10 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/3522

Dáse conta de recurso se reposición formulado por ADM Asesores, en representación de D. Jesús Lindner Santos, titular do Establecemento PUB DOLCE VITA, contra o acordo de Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2019 referente á solicitude de ampliación de horario de peche nunha dora durante o período estival.

Vistas as alegacións presentadas polo interesado e constatando que o establecemento cumpre a normativa municipal en materia de peche e recollida de terrazas, a Xunta de Goberno Local acorda estimar o recurso de reposición presentado e á vista da Orde da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia a ampliación, de ser autorizada só abranguerá o período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro(verán) por tratarse dun municipio turístico de máxima afluencia.

A Xunta de Goberno Local, fai constar que non existe inconveniente por parte do Concello para o incremento do horario solicitado, e polo tanto informa favorablemente a ampliación de horario de peche solicitado, nunha hora sobre o horario que legalmente lle corresponda, durante o período estival do establecemento Pub Dolce vita, situado en Avda. A Mariña nº 98.

PRP2019/3523

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sketch System-Digipress para o subministro de material para o ploter (vinilo adhesivo), por un importe total de 1.285,02 € (IVE e portes incluídos), con cargo á partida 926.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/3524

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Maderas J. Redondo SL para o subministro de once taboleiros MBC-H WAX para difusión publicitaria dos actos que organiza o Concello, por un importe total de

1.161,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/3538

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Borja Santamaría González, en representación de Asociación Xuvenil Arousa Moza, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa con mesas e cadeiras, fronte á entrada principal do Liceo Casino (Rúa Castela) os días 27 e 30 de xullo e o 3 de agosto, en horario de 10 a 14 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2019/3496

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2019, presentada por Correduría Asemón SL.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.250,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2019/3556

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 12 de xullo de 2019, de aprobación da relación de concellos seleccionados para participar como entidades colaboradoras no programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra "O teu primeiro emprego".

A través desta subvención financiarase unha parte do custo laboral total dun contrato en prácticas por un primeiro período de seis meses, e outros seis mais, en caso de prórroga do contrato e

condicionado á existencia de crédito suficiente no orzamento provincial.

Foron aprobados para o Concello de Vilagarcía de Arousa as seguintes titulacións:

- Diplomatura/Grao en Traballo Social destinada á Área de Servizos Sociais.
- Diplomatura/Grao en Maxisterio Educación Primaria, destinada á Área de Educación.
- Ciclo Superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede, destinado á Área de Emprego.
- Ciclo Superior en Acondicionamento Físico, destinado á Fundación de Deportes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda a iniciar o proceso de selección recollido nas bases do programa.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

SANIDADE

PRP2019/3515

Vista a proposta da Concellería de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Francisco Padín Silva (MADECO) para o subministro dunha carretilla sulfatadora con motor de 4 tempos a gasolina e depósito de 100 l. con manguera de 25 m., por un importe total de 630,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

TURISMO

PRP2019/3502

Dáse conta do convenio asinado entre Turismo de Galicia, ABANCA e o Concello de Vilagarcía de Arousa para o financiamento das Festas de San roque 2019, declaradas de interese turístico Nacional, mediante o cal a Axencia de Turismo de Galicia aporta 25.000 € e ABANCA 5.000 €. Asemesmo a Axencia de Turismo de Galicia aporta outros 5.000,00€ no marco do Plan de Estado contra a Violencia de Xénero para a realización dunha campaña de información e sensibilización contra a violencia sexual en espazos públicos baixo o lema "AGRESIÓN OFF, Eu digo non á violencia sexual".

Dita sinatura do convenio implia a inclusión da marca Xacobeo 2021 no material que se difunda. O presuposto do Convenio e o seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE (IVE INCLUÍDO)
Concertos	48.000,00€
Animación Infantil	9.000,00€
Son e Iluminación	7.000,00€
Promoción e difusión	6.000,00€
TOTAL	70.000,00 €

CAMPAÑA AGRESION OFF

CONCEPTO	IMPORTE
Aluguer de caseta	1.000,00€
Informadores/as (gtos. de persoal ou convenio cunha asociación)	1.800,00€
Edición de material	1.000,00€
Bombonas de helio	300,00€
Publicidade	900,00€

TOTAL	5.000,00€
-------	-----------

A xustificación da subvención deberá realizarse no prazo de tres meses dende a finalización da actividade ou dende a firma do convenio.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2019/3521

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente e Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do contrato menor de patrocinio coa Asociación de Hosteleiros e Iniciativas Turísticas de Vilagaría (Ahituvi) para a Campaña de sensibilización medioambiental- Uso Vaso Reutilizable- San Roque 2019.

CULTURA

PRP2019/3530

Dáse conta do contrato de patrocinio asinado entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Empresa **Gadisa Retail S.L.U.** para colaboración das Festas de San Roque 2019, aportando a empresa a cantidade de 4.000,00€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/3531

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente ao importe da prima do seguro de responsabilidade civil para os festexos das Festas Patronais de San Roque 2019, con data de efecto do 1 de agosto ao 9 de setembro de 2019, a favor de **MGS, Seguros e Reaseguros, S.A.**, por un importe total de 1.279,91€, con cargo á partida 338.224.

Así mesmo, dáse conta da inclusión como asegurado adicional á Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa.

PRP2019/3532

Dáse conta do borrador dos contratos a asinar entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e as seguintes axencias colocadoras de artistas, dentro da programación das Festas Santa Rita 2019 para a celebración das tradicionais verbenas, os días 17 e 24 de agosto:

Día	Orquestra	Importe (IVE incluído)	Axencia colocadora
17/082019	MIRAMAR	10.285,00€	Montajes Miramar, S.L.
24-08-2019	GALILEA	11.495,00€	Representaciones Chapin Producciones S.L.U.

A Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación dos contratos e posterior sinatura dos mesmos para a actuación das citadas orquestras, con cargo á partida 338.22609.

PRP2019/3533

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o convenio para a concesión dunha subvención por importe de 40.000,00€ á Asociación Curtas Film Fest, para a celebración da actividade “Curtas Film Fest 2019”, que terá lugar do 28 de outubro ao 3

de novembro, con cargo á partida orzamentaria 334.489.

PRP2019/3534

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local adxudicar o contrato para a súa posterior sinatura coa empresa Ouri Producciones Artística, S.L. para o desfile de carrozas o día 25 de agosto de 2019, por importe total de 14.520,00€(ive engadido) con cargo á partida 338-22799.

PRP2019/3535

Dáse conta de proposta da Concellería de Cultura en relación co Desfile de Carrozas durante as Festas de San Roque, dando conta do modelo de solicitude de participación e indicando así mesmo que se formalizará un seguro de sinistros para dito evento, cuxo gasto irá incluído no orzamento das Festas de San Roque 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o modelo de solicitude para participación nas Carrozas Verán 2019, que figura anexo á proposta.

PRP2019/3225

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación Mulleres Rurais Anduriña de Sobradelo:

Con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Servizo de Limpeza	696,96€	Ana Belén Díaz Casal
Compra Material de limpeza	322,30€	CASTROMAN II SL

Con cargo á partida 334.62300:

Concepto	Importe	Provedor
Subministro ordenador e impresora	624,65€	Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/3226

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños de Vilaxoán:

Con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Actuación Duendeneta o día 23 de xuño de 2019	605,00€	Carlos Crespo Gómez

Con cargo á partida 334.62300:

Concepto	Importe	Provedor
Subministro ordenador	792,36€	Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2019/3529

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 12 de febreiro de 2018, aprobou o proxecto denominado "Reforma do Graderío de preferencia no Campo de Fútbol da Lomba", redactado polo arquitecto don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun presuposto total de 181.442,86€ (IVE engadido).

Para poder iniciar as obras é necesario ter aprobado o Plan de Seguridade e Saude, que previamente deberá ser informado favorablemente polo coordinador de seguridade e saúde. Aos efectos de proceder a este nomeamento, e ao tratarse dun contrato menor de servizos, solicitouse orzamento ao seguinte profesional:

Joaquín Lustres Carragal 1.650,00 € sen IVE

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda a adopción do seguinte acordo:

1. Adxudicar o contrato menor de servizos de "COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAUDE DA OBRA DE – REFORMA DO GRADERIO DE PREFERENCIA NO CAMPO DE FUTBOL DA LOMBA-", á JOAQUÍN LUSTRES CARREGAL-ARQUITECTO TÉCNICO (35427647B), por importe (IVE excluído) de 1.650,00 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 346,50 € o que totaliza un prezo de adxudicación (IVE engadido) de 1.996,50 € con cargo ao orzamento municipal, partida 150-640.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2019/3541

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para o rexistro de facturas N° F/2019/5645 coa seguinte desagregación:

PROVEEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
MONTAJES J.M IGLESIAS S.L	Emit- 190719	29.350,28 €	134-6190017	Certificación Tres "1ª Fase de la Humanización de la Calle Cervantes en Carril

PRP2019/3544

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para o rexistro de facturas N° F/2019/5611 coa seguinte desagregación:

PROVEEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U	FE19 1907008	25.305,99 €	134-6190017	Certificación número Cuatro "Humanización de la Calle Vázquez Leis en Vilaxoán"

PRP2019/3545

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para o rexistro de facturas N°

F/2019/4903 coa seguinte desagregación:

Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre	Fecha Doc.	Nº Registro Factura
1530 61900	10.483,43	EXCAVACIONES TRANSPORARTES S.L.	Y IVANCA CERTIFICACION UN. OBRAS DE URXENCIA REFORZO PASARELA NO CAMIÑO LATERAL DA ESCOLA INFANTIL.	17/06/2019	F/2019/4903

PRP2019/3546

Dáse conta da asistencia de Dona Iria Camba Rey á Xornada de Formación de Explotación estatística SIUSS e a súa vinculación co Plan Concertado, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Autorizar a ampliación do gasto autorizado por importe de 4,56€ con cargo á aplicación 231-23120.

SEGUNDO: recoñecemento da obriga a favor de dona Iria Camba Rey polos gastos locomoción da asistencia á xornada de formación DE "EXPLOTACIÓN ESTADÍSTICA SIUSS E A SUA VINCULACIÓN CO PLAN CONCERTADO" O 27-06-19 en Santiago de Compostela, POR IMPORTE DE 23,56€ CON CARGO Á APLICACIÓN 231-23120 (Prox. (3) 1/01/2019.)

PRP2019/3558

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 14 de xuño de 2019, por un importe total de 2.200,00€ e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Número Sesións	€/sesión	Total Euros
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	3	110	330,00
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN	3	110	330,00
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ	3	110	330,00
DONA ROCIO A. LLOVO DEL RIO	1	110	110,00
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	1	110	110,00
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ	1	110	110,00
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL	1	110	110,00
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA	1	110	110,00
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	1	110	110,00
DONA MARIA MOSQUERA LEAL	1	110	110,00
D. XOSÉ LOIS LEIRÓS GUDE	1	110	110,00
DONA LUCIA CESAR BELOSO	1	110	110,00
D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA	1	110	110,00
D. MIGUEL ALVES LAGO	1	110	110,00
TOTAL			2.200,00

PRP2019/3559

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 30 de xuño de 2019, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 24 de setembro de 2015, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- ❑ Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 2.700,00 €
- ❑ Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 2.400,00 €
- ❑ Grupo Municipal do EU-IU, por un importe total de 900,00 €€
- ❑ Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 900,00 €
- ❑ Grupo de SOMOS MAIORIA, por un importe total de 600,00 €.

PRP2019/3560

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, Modalidade e Xesión de Fondos Europeos, a Xunta de Goberno Local acorda validar o gasto correspondente ó Cálculo estrutura e medicións marquesina Escola de Aralde.

Acórdase así mesmo o recoñecemento de obrigaón a favor de **Fernando Puceiro Bouzas**, polo importe de 986,15€ (IVE incluído), da factura nº31-19 2 (Rex. 19/5036), con cargo á partida orzamentaria 150-22706.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:35 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.